

## I. DISPOSICIÓNS XERAIS

### MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE

**6484** *Real decreto 427/2013, do 14 de xuño, polo que se establecen as especialidades docentes do corpo de catedráticos de música e artes escénicas vinculadas ás ensinanzas superiores de Música e de Danza.*

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece nos seus artigos 91 ao 99 as funcións do profesorado das distintas ensinanzas que se regulan nela, así como as súas respectivas condicións de titulación e outras exixencias.

A disposición adicional sétima da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, establece que a función pública docente se ordena en distintos corpos docentes, entre os cales se encontra o corpo de catedráticos de música e artes escénicas, que desempeñará as súas funcións nas ensinanzas superiores de Música e de Danza e nas de Arte Dramática.

Así mesmo, a citada disposición adicional establece que o corpo de profesores de música e artes escénicas desempeñará as súas funcións nas ensinanzas elementais e profesionais de Música e de Danza, nas ensinanzas de Arte Dramática e, de ser o caso, naquelas materias das ensinanzas superiores de Música e de Danza ou da modalidade de Artes do bacharelato que se determinen.

O Real decreto 1614/2009, do 26 de outubro, establece a ordenación das ensinanzas artísticas superiores reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

Os reais decretos 631/2010 e 632/2010, do 14 de maio, regulan, respectivamente, o contido das ensinanzas artísticas superiores de Música e de Danza establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio. De acordo con estes reais decretos, as administracións educativas, vista a proposta dos centros, establecerán o plan de estudos e organizarán cada unha das disciplinas establecidas nunha ou varias materias. O plan de estudos poderase completar con outras disciplinas, ademais das establecidas no dito real decreto, que se concretarán, así mesmo, en materias. Tamén se poderán establecer materias optativas.

Así pois, en virtude da competencia estatal recoñecida pola Constitución española para establecer as bases do réxime xurídico das administracións públicas e o réxime estatutario dos funcionarios, para a regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais e para establecer normas básicas para o desenvolvemento do artigo 27 da Constitución, de acordo coa disposición adicional sétima da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, que lle atribúe ao Goberno a creación ou supresión das especialidades docentes dos corpos docentes, e co fin de garantir un ensino común de calidade impartido polo profesorado máis idóneo, procede establecer as especialidades docentes do corpo de catedráticos de música e artes escénicas vinculadas ás ensinanzas de Música e de Danza, que teñen ao seu cargo as ensinanzas superiores de Música e de Danza; definir a asignación de materias que deberá impartir o dito profesorado nos estudos superiores de Música e de Danza establecidos no artigo 54 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, así como establecer as materias que poden ser impartidas polo corpo de profesores de música e artes escénicas nos citados estudos.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas a través da Conferencia Sectorial de Educación e emitiu informe o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas. Así mesmo, conta co informe da Comisión Superior de Persoal e co ditame do Consello Superior de Ensinanzas Artísticas.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Educación, Cultura e Deporte, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 14 de xuño de 2013,

## DISPOÑO:

**Artigo 1. *Obxecto da norma.***

Este real decreto ten por obxecto establecer as especialidades docentes do corpo de catedráticos de música e artes escénicas vinculadas ás ensinanzas de Música e de Danza, definir a asignación de materias que deberán impartir nos estudos superiores de música e de danza establecidos no artigo 54 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, así como establecer as materias que poden ser impartidas polo corpo de profesores de música e artes escénicas nos citados estudos.

**Artigo 2. *Especialidades docentes do corpo de catedráticos de música e artes escénicas.***

As especialidades docentes do corpo de catedráticos de música e artes escénicas vinculadas ás ensinanzas superiores de Música e de Danza son as que se relacionan no anexo I.

**Artigo 3. *Adscrición do profesorado actual.***

Os funcionarios do corpo de catedráticos de música e artes escénicas quedan adscritos ás especialidades a que se refire o artigo 2 do presente real decreto, de acordo coas especialidades de que fosen titulares, e segundo as correspondencias que se establecen no anexo II.

**Artigo 4. *Asignación de materias nos estudos superiores de música e de danza establecidos no artigo 54 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.***

Os funcionarios do corpo de catedráticos de música e artes escénicas das especialidades establecidas no presente real decreto impartirán as materias correspondentes aos estudos superiores de Música e de Danza establecidos no artigo 54 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de acordo co anexo III.

Así mesmo, os funcionarios do corpo de catedráticos de música e artes escénicas das especialidades establecidas neste real decreto dirixirán o traballo que se realizará na fase final dos estudos superiores de Música a que se refire o artigo 6.3.c) do Real decreto 631/2010, do 14 de maio, polo que se regula o contido básico das ensinanzas artísticas superiores de grao en Música establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e na fase final dos estudos superiores de Danza a que se refire o artigo 6.3.d) do Real decreto 632/2010, do 14 de maio, polo que se regula o contido básico das ensinanzas artísticas superiores de grao en Danza establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

**Artigo 5. *Atribución docente.***

As administracións educativas determinarán a atribución docente das disciplinas e materias específicas dos seus plans de estudos aos catedráticos das diferentes especialidades docentes.

**Artigo 6. *Impartición de determinadas materias dos estudos superiores de Música e de Danza establecidos no artigo 54 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, polo corpo de profesores de música e artes escénicas.***

En aplicación do establecido na disposición adicional sétima da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, os funcionarios do corpo de profesores de música e artes escénicas impartirán, se é o caso, as materias que se determinan de acordo coa asignación establecida no anexo IV. As administracións educativas, no ámbito das súas competencias, conforme as súas necesidades e en uso da súa facultade de organización de centros

docentes, poderán determinar a atribución docente das disciplinas e materias segundo esta asignación.

Disposición adicional única. *Creación futura de novas especialidades.*

As administracións educativas que establezan nos seus currículos disciplinas e materias que poidan supor a creación de novas especialidades deberán elevar unha proposta ao Ministerio de Educación, Cultura e Deporte para que o Goberno, logo de consulta ás comunidades autónomas, proceda, se é o caso, á súa creación.

Disposición transitoria única. *Antigas especialidades non adscritas ás novas.*

Os catedráticos das antigas especialidades para as cales non se establece ningunha correspondencia no anexo II continuarán desempeñando as mesmas funcións que tiñan asignadas no momento da aprobación do presente real decreto, sen prexuízo de que as administracións educativas, oídos os interesados, poidan atribuírlles temporalmente outras funcións, tendo en conta a formación específica de cada un deles e a súa adecuación ás necesidades docentes. Estas atribucións temporais de funcións non implicarán a adquisición de ningunha nova especialidade. Así mesmo, os catedráticos que se encontren nesta situación poderán dirixir o traballo que se realizará na fase final dos estudos superiores de Música a que se refire o artigo 6.3.c) do Real decreto 631/2010, do 14 de maio, e na fase final dos estudos superiores de Danza a que se refire o artigo 6.3.d) do Real decreto 632/2010, do 14 de maio.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto ten carácter básico e dítase ao abeiro do artigo 149.1. 18.º e 30.º da Constitución, que lle reserva ao Estado a competencia para establecer as bases do réxime xurídico das administracións públicas e o réxime estatutario dos funcionarios, a competencia de regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais e a competencia para establecer normas básicas para o desenvolvemento do artigo 27 da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 14 de xuño de 2013.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Educación, Cultura e Deporte  
JOSÉ IGNACIO WERT ORTEGA

## ANEXO I

### a) *Especialidades docentes vinculadas ás ensinanzas superiores de Música*

- Acordeón.
- Arpa.
- Baixo eléctrico.
- Batería de jazz.
- Canto flamenco.
- Canto.
- Canto de jazz.
- Clarinete.
- Clave.
- Composición.
- Composición de jazz.
- Concertación.
- Contrabaixo.
- Contrabaixo de jazz.
- Dirección de coro.
- Dirección de orquestra.
- Dulzaina.
- Escena lírica.
- Etnomusicoloxía.
- Fagot.
- Flabiol i tamborí.
- Flamencoloxía.
- Frauta de pico.
- Frauta travesa.
- Gaita.
- Guitarra.
- Guitarra eléctrica.
- Guitarra flamenca.
- Historia da música.
- Improvisación e acompañamento.
- Instrumentos de corda pulsada do Renacemento e do Barroco.
- Instrumentos de puga.
- Instrumentos de vento de jazz.
- Instrumentos históricos de corda fregada.
- Instrumentos históricos de tecla.
- Instrumentos históricos de vento.
- Lingua alemá.
- Lingua francesa.
- Lingua inglesa.
- Lingua italiana.
- Música de cámara.
- Musicoloxía.
- Óboe.
- Órgano.
- Pedagogía.
- Percusión.
- Piano.
- Repertorio con piano para instrumentos.
- Repertorio con piano para voz.
- Saxofón.
- Teclados/piano jazz.
- Tecnoloxía musical.
- Tenora i tible.
- Trombón.
- Trompa.
- Trompeta.
- Tuba.

- Txistu.
- Viola.
- Viola da gamba.
- Violín.
- Violoncello.

b) *Especialidades docentes vinculadas ás ensinanzas superiores de Danza*

- Análise e práctica do repertorio do baile flamenco.
- Análise e práctica do repertorio da danza clásica.
- Análise e práctica do repertorio da danza contemporánea.
- Análise e práctica do repertorio da danza española.
- Baile flamenco.
- Ciencias da saúde aplicadas á danza.
- Composición coreográfica.
- Danza clásica.
- Danza contemporánea.
- Danza educativa.
- Danza española.
- Escenificación aplicada á danza.
- Historia da danza.
- Psicopedagogía e xestión educativa.
- Tecnoloxías aplicadas á danza.

c) *Especialidades docentes vinculadas ás ensinanzas de Música e de Danza*

- Producción e xestión de música e artes escénicas.

## ANEXO II

### Adscrición das antigas especialidades ás novas especialidades

a) *Especialidades vinculadas ás ensinanzas de Música*

Novas especialidades	Antigas especialidades
Acordeón.	001 Acordeón.
Arpa.	003 Arpa.
Canto.	006 Canto. 070 Técnicas de canto.
Clarinete.	008 Clarinete.
Clave.	009 Clave.
Composición.	010 Composición e instrumentación.
Concertación.	012 Concertación de ópera e oratorio.
Contrabaixo.	014 Contrabaixo.
Dirección de coro.	020 Dirección de coros. 021 Dirección de coros e conxunto coral.
Dirección de orquestra.	023 Dirección de orquestra e conxunto instrumental. 013 Conxunto coral e instrumental.
Escena lírica.	025 Escena lírica.
Etnomusicoloxía.	033 Folclore musical.
Fagot.	030 Fagot.
Frauta de pico.	031 Frauta de pico.
Frauta travesa.	032 Frauta travesa.
Guitarra.	035 Guitarra.
Guitarra flamenca.	036 Guitarra flamenca.
Historia da música.	039 Historia da música. 028 Estética e historia da música, a cultura e a arte.
Improvisación e acompañamento.	061 Repentización, transposición instrumental e acompañamento.

Novas especialidades	Antigas especialidades
Lingua alemá.	045 Lingua alemá.
Lingua francesa.	046 Lingua francesa.
Lingua inglesa.	047 Lingua inglesa.
Lingua italiana.	048 Lingua italiana.
Música de cámara.	050 Música de cámara.
Musicoloxía.	034 Gregoriano. 051 Musicoloxía. 065 Rítmica e paleografía.
Óboe.	052 Óboe.
Órgano.	053 Órgano. 054 Órgano e clavecín.
Pedagogía.	057 Pedagogía musical. 068 Solfexo e teoría da música.
Percusión.	058 Percusión.
Piano.	059 Piano.
Repertorio con piano para voz.	063 Repertorio vocal.
Saxofón.	066 Saxofón.
Trombón.	072 Trombón.
Trompa.	074 Trompa.
Trompeta.	075 Trompeta.
Tuba.	076 Tuba.
Txistu.	080 Txistu.
Viola.	077 Viola.
Violín.	078 Violín.
Violoncello.	079 Violoncello.

b) *Especialidades vinculadas ás ensinanzas de Danza*

Novas especialidades	Antigas especialidades
Baile flamenco.	018 Danza española (flamenco).
Danza clásica.	005 Ballet clásico.
Danza española.	017 Danza española.

**ANEXO III**

a) *Materias que impartirá o corpo de catedráticos de música e artes escénicas nos estudos superiores de Música establecidos no artigo 54 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación*

Especialidades	Materias
Acordeón.	Instrumento/voz (acordeón). Formación instrumental complementaria. Música de conxunto.
Arpa.	Instrumento/voz (arpa). Formación instrumental complementaria. Música de conxunto.
Baixo eléctrico.	Instrumento/voz (baixo eléctrico). Formación instrumental complementaria. Música de conxunto.
Batería de jazz.	Instrumento/voz (batería de jazz). Formación instrumental complementaria. Música de conxunto.

Especialidades	Materias
Canto flamenco.	Instrumento/voz (canto flamenco). Formación instrumental complementaria. Música de conxunto.
Canto.	Instrumento/voz (canto). Formación instrumental complementaria. Música de conxunto.
Canto de jazz.	Instrumento/voz (canto de jazz). Formación instrumental complementaria. Música de conxunto.
Clarinete.	Instrumento/voz (clarinete). Formación instrumental complementaria. Música de conxunto.
Clave.	Instrumento/voz (clave). Formación instrumental complementaria. Música de conxunto.
Composición.	Linguaxes e técnica da música. Composición e instrumentación.
Composición de jazz.	Linguaxes e técnica da música. Composición e instrumentación.
Concertación.	Música de conxunto.
Contrabaixo.	Instrumento/voz (contrabaixo). Formación instrumental complementaria. Música de conxunto.
Contrabaixo de jazz.	Instrumento/voz (contrabaixo de jazz). Formación instrumental complementaria. Música de conxunto.
Dirección de coro.	Música de conxunto. Técnica da dirección.
Dirección de orquestra.	Música de conxunto. Técnica da dirección.
Dulzaina.	Instrumento/voz (dulzaina). Formación instrumental complementaria. Música de conxunto.
Escena lírica.	Formación instrumental complementaria.
Etnomusicoloxía.	Cultura, pensamento e historia. Métodos e fontes para a investigación. Notación, transcripción e interpretación de documentos musicais.
Fagot.	Instrumento/voz (fagot). Formación instrumental complementaria. Música de conxunto.
Flabiol i tamborí.	Instrumento/voz (flabiol i tamborí). Formación instrumental complementaria. Música de conxunto.
Flamencoloxía.	Cultura, pensamento e historia. Métodos e fontes para a investigación. Notación, transcripción e interpretación de documentos musicais. Teoría musical do flamenco.
Frauta de pico.	Instrumento/voz (frauta de pico). Formación instrumental complementaria. Música de conxunto.
Frauta travesa.	Instrumento/voz (frauta travesa). Formación instrumental complementaria. Música de conxunto.
Gaita.	Instrumento/voz (gaita). Formación instrumental complementaria. Música de conxunto.

Especialidades	Materias
Guitarra.	Instrumento/voz (guitarra). Formación instrumental complementaria. Música de conxunto.
Guitarra eléctrica.	Instrumento/voz (guitarra eléctrica). Formación instrumental complementaria. Música de conxunto.
Guitarra flamenca.	Instrumento/voz (guitarra flamenca). Formación instrumental complementaria. Música de conxunto.
Historia da música.	Cultura, pensamento e historia. Métodos e fontes para a investigación.
Improvisación e acompañamento.	Linguaxes e técnica da música. Formación instrumental complementaria.
Instrumentos de corda pulsada do Renacemento e do Barroco.	Instrumento/voz (instrumentos de corda pulsada do Renacemento e do Barroco). Formación instrumental complementaria. Música de conxunto.
Instrumentos de puga.	Instrumento/voz (instrumentos de puga). Formación instrumental complementaria. Música de conxunto.
Instrumentos de vento de jazz.	Instrumento/voz (instrumentos de vento de jazz). Formación instrumental complementaria. Música de conxunto.
Instrumentos históricos de corda fregada.	Instrumento/voz (instrumentos históricos de corda fregada). Formación instrumental complementaria. Música de conxunto.
Instrumentos históricos de tecla.	Instrumento/voz (instrumentos históricos de tecla). Formación instrumental complementaria. Música de conxunto.
Instrumentos históricos de vento.	Instrumento/voz (instrumentos históricos de vento). Formación instrumental complementaria. Música de conxunto.
Lingua alemá.	*
Lingua francesa.	*
Lingua inglesa.	*
Lingua italiana.	*
Música de cámara.	Música de conxunto.
Musicoloxía.	Cultura, pensamento e historia. Métodos e fontes para a investigación. Notación, transcripción e interpretación de documentos musicais.
Óboe.	Instrumento/voz (óboe). Formación instrumental complementaria. Música de conxunto.
Órgano.	Instrumento/voz (órgano). Formación instrumental complementaria. Música de conxunto.
Pedagogía.	Fundamentos de pedagogía. Didáctica da educación musical. Linguaxes e técnica da música. Organización educativa.
Percusión.	Instrumento/voz (percusión). Formación instrumental complementaria. Música de conxunto.
Piano.	Instrumento/voz (piano). Formación instrumental complementaria. Música de conxunto.



Especialidades	Materias
Produción e xestión de música e artes escénicas.	Produción. Comunicación, promoción e representación. Lexislación. Xestión económica. Produción e xestión.
Repertorio con piano para instrumentos.	Formación instrumental complementaria. Instrumento/voz. Música de conxunto.
Repertorio con piano para voz.	Formación instrumental complementaria. Instrumento/voz. Música de conxunto.
Saxofón.	Instrumento/voz (saxofón). Formación instrumental complementaria. Música de conxunto.
Teclados/piano jazz.	Instrumento/voz (teclados/piano jazz). Formación instrumental complementaria. Música de conxunto.
Tecnoloxía musical.	Tecnoloxía musical. Tecnoloxías aplicadas. Formación técnica específica. Linguaxes e técnicas da música. Acústica. Percepción crítica.
Tenora i tible.	Instrumento/voz (tenora i tible). Formación instrumental complementaria. Música de conxunto.
Trombón.	Instrumento/voz (trombón). Formación instrumental complementaria. Música de conxunto.
Trompa.	Instrumento/voz (trompa). Formación instrumental complementaria. Música de conxunto.
Trompeta.	Instrumento/voz (trompeta). Formación instrumental complementaria. Música de conxunto.
Tuba.	Instrumento/voz (tuba). Formación instrumental complementaria. Música de conxunto.
Txistu.	Instrumento/voz (txistu). Formación instrumental complementaria. Música de conxunto.
Viola.	Instrumento/voz (viola). Formación instrumental complementaria. Música de conxunto.
Viola da gamba.	Instrumento/voz (viola da gamba). Formación instrumental complementaria. Música de conxunto.
Violín.	Instrumento/voz (violín). Formación instrumental complementaria. Música de conxunto.
Violoncello.	Instrumento/voz (Violoncello). Formación instrumental complementaria. Música de conxunto.

\* Disciplinas e materias referidas aos plans de estudos das diferentes administracións educativas.

b) *Materias que impartirá o corpo de catedráticos de música e artes escénicas nos estudos superiores de Danza establecidos no artigo 54 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación*

Especialidades	Materias
Análise e práctica do repertorio do baile flamenco.	Análise e práctica das obras coreográficas e do repertorio. Prácticas.
Análise e práctica do repertorio da danza clásica.	Análise e práctica das obras coreográficas e do repertorio. Prácticas.
Análise e práctica do repertorio da danza contemporánea.	Análise e práctica das obras coreográficas e do repertorio. Prácticas.
Análise e práctica do repertorio da danza española.	Análise e práctica das obras coreográficas e do repertorio. Prácticas.
Baile flamenco.	Técnicas da danza e do movemento. Didáctica e metodoloxía para o ensino da danza. Prácticas.
Ciencias da saúde aplicadas á danza.	Ciencias da saúde aplicadas á danza. Prácticas.
Composición coreográfica.	Ferramentas de creación. Técnicas de composición coreográfica e de improvisación. Sistemas e ferramentas de creación. Prácticas.
Danza clásica.	Técnicas da danza e do movemento. Didáctica e metodoloxías para o ensino da danza. Prácticas.
Danza contemporánea.	Técnicas da danza e do movemento. Didáctica e metodoloxías para o ensino da danza. Prácticas.
Danza educativa.	Didáctica e metodoloxías para o ensino da danza. Prácticas.
Danza española.	Técnicas da danza e do movemento. Didáctica e metodoloxías para o ensino da danza. Prácticas.
Escenificación aplicada á danza.	Escenificación e dramaturxia. Prácticas.
Historia da danza.	Historia da danza e humanidades. Prácticas.
Psicopedagogía e xestión educativa.	Psicopedagogía da danza. Organización, xestión e elaboración de proxectos educativos. Prácticas.
Produción e xestión de música e artes escénicas.	Organización, xestión e elaboración de proxectos artísticos. Prácticas.
Tecnoloxías aplicadas á danza.	Tecnoloxías aplicadas á danza. Prácticas.

#### ANEXO IV

**Materias dos estudos superiores de Música e de Danza establecidos no artigo 54 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, que pode impartir o corpo de profesores de música e artes escénicas**

a) *Materias vinculadas aos estudos de Música*

Especialidade	Materia
Fundamentos de composición.	Linguaxes e técnicas da música.
Linguaxe musical.	Linguaxes e técnicas da música.

Especialidade	Materia
Acordeón. Arpa. Baixo eléctrico. Canto flamenco. Canto. Clarinete. Clave. Contrabaixo. Dulzaina. Fagot. Flabiol i tamborí. Frauta travesa. Frauta de pico. Gaita. Guitarra. Guitarra eléctrica. Guitarra flamenca. Instrumentos de corda pulsada do Renacemento e do Barroco. Instrumentos de puga. Óboe. Órgano. Percusión. Piano. Saxofón. Tenora i tible. Trombón. Trompa. Trompeta. Tuba. Txistu. Viola. Viola da gamba. Violín. Violoncello.	Formación instrumental complementaria.

b) *Materias vinculadas aos estudos de danza*

Especialidade	Materia
Canto flamenco.	*
Danza española.	Técnicas da danza e do movemento.
Danza clásica.	Técnicas da danza e do movemento.
Danza contemporánea.	Técnicas da danza e do movemento.
Flamenco.	Técnicas da danza e do movemento.
Guitarra flamenca.	*
Linguaxe musical.	Música e linguaxes sonoras aplicadas á danza.
Piano.	*
Repertorio con piano para danza.	*

\* Determinarana as administracións educativas.